




BDG70

A REVOLTA DO CÓMIC GALEGO

BDG70. A revolta do cómic galego

NORMAL. ESPAZO DE INTERVENCIÓN CULTURAL DA UDC

A Coruña, 2017

Universidade da Coruña, Servizo de Publicacións

Publicacións Institucionais, n.º 18

N.º de páxinas: 296

24 x 30 cm

Índice: p. 7

Depósito legal: C 757-2017

ISBN: 978-84-9749-664-3

CDU: 821.134.4-91"197"*BDG70

IBIC: YFW | AKL | AGC | 1DSEL | 3JJPL

EDICIÓN

Universidade da Coruña, Servizo de Publicacións <www.udc.gal/publicacions>

© Universidade da Coruña, da edición

© dos textos, os seus autores

© das imaxes, os seus autores e/ou propietarios

© Museo Centro Nacional de Arte Reina Sofía, das imaxes dixitais das pezas 1-11 da serie *O home que falaba vegliota*, de Reimundo Patiño

© MACBA Museu d'Art Contemporani de Barcelona, da imaxe dixital da peza 12 da serie *O home que falaba vegliota*, de Reimundo Patiño

ILUSTRACIÓN DE CUBERTA: viñeta d' *A nave espacial* de Isaac Díaz Pardo

FOTOGRAFÍAS: Alberte Peiteavel (pp. 25-26, 49-53, 56, 61-80, 98-99, 123-129, 169-173, 187, 223, 253-289); Xavier Pena (pp. 168, 175); Manel Cráneo e Xavier Pena (pp. 224-250)

DESEÑO E MAQUETACIÓN: Demo Cultural <www.demoeditorial.com>

IMPRIME: Lugami Artes Gráficas

DISTRIBUCIÓN

Galicia:

- Consorcio Editorial Galego. Av. da Estación 25, 36812 Redondela (Pontevedra)
pedimentos@coegal.com

España e internacional:

- Logística Libromares, S.L. C/ Matilde Hernández 34, 28019 Madrid (España)
pedidos@libromares.com
- Pórtico Librerías. C/ Muñoz Seca 6, 50005 Zaragoza (España)
distribucion@porticolibrerias.es

Reservados todos os dereitos. Nin a totalidade nin parte deste libro pode reproducirse ou transmitirse por ningún procedemento electrónico ou mecánico, incluíndo fotocopia, gravación magnética ou calquera almacenamento de información e sistema de recuperación, sen o permiso previo e por escrito das persoas titulares do *copyright*.



EQUIPO TÉCNICO DA EXPOSICIÓN BDG70. A REVOLTA DO CÓMIC GALEGO

**Adxunta á Vicerreitoría de Estudantes, Participación e
Extensión Universitaria:** Mercedes Regueiro Diehl

Dirección e deseño de proxecto: Manel Cráneo

Comisariado: Xulio Carballo Dopico

Dirección técnica: Xavier Pena

Técnica de volume: Laura Blanco

Revisión de textos: Henrique Torreiro

Produción: Demo Cultural

Técnicos en actividades culturais: Jorge Cordal Fustes,
Noemí Castro Blanco, David Calderón González

Bolseira: Mar del Mar Castro Cedeira

AUTORES

Alberte Permuy
Antón Patiño
Fran Jaraba
Gonzalo Navaza
Isaac Díaz Pardo
José María Méndez
Luís Esperante
Miguel Docampo
Miguelanxo Prado
Oitabén
Paco Martín
Pepe Barro
Pepe Carreiro
Reimundo Patiño

Ricardo Lázaro
Rosendo Díaz Roxo
Saavedra Pita
Ulises L. Sarry
Xan Balboa
Xan L. Domínguez
Xan Navarro
Xaquín Marín
Xesús Chichi Campos
Xiráldez
Xosé Díaz
Xosé Lois Carrabouxo
Vicente Veiga

AGRADECEMENTOS

Este proxecto foi posible grazas á xenerosidade de persoas e institucións que colaboraron cedendo pezas ou permitindo a súa dixitalización, entre outros: Xosé Díaz, Luís Caparrós Esperante, Pablo Oitabén, Suso Cubeiro e Paco Martín; o Museo do Humor de Fene, o Museo Carlos Maside, a Biblioteca de Estudos Locais da Coruña, a Biblioteca e Arquivo de Galicia e a Real Academia Galega. Ademais, contamos co apoio económico da Deputación da Coruña.

As imaxes dixitalizadas d'*O home que falaba vegliota*, de R. Patiño, foron facilitadas amablemente polo Museo Centro Nacional de Arte Reina Sofía (pezas 1-11) e polo MACBA Museu d'Art Contemporani de Barcelona (peza 12), onde se conservan orixinais da obra.

Creadores e obras foron parte fulcral desta iniciativa, e a cooperación dalgúns aportou enerxía nos momentos precisos: Alberte Permuy, Antón Patiño, Fran Jaraba, Gonzalo Navaza, Isaac Díaz Pardo, José María Méndez Doménech, Luís Caparrós Esperante, Miguel Docampo, Miguelanxo Prado, Pablo Oitabén, Paco Martín, Pepe Barro, Pepe Carreiro, Reimundo Patiño, Ricardo Lázaro, Rosendo Díaz Roxo, Saavedra Pita, Ulises L. Sarry, Xan Balboa, Xan L. Domínguez, Xan Navarro, Xaquín Marín, Xesús Chichi Campos, Xiráldez, Xosé Díaz, Xosé Lois Carrabouxo e Vicente Veiga. Gardamos un recordo especial daqueles que non puideron coñecer o proxecto —Díaz Pardo, R. Patiño, Chichi Campos...— e de Docampo, quen nos deixou inesperadamente mentres se estaban a construír estas páxinas.

A todos eles, grazas.

BDG70: MEMORIA GRÁFICA



Ilustración: Xesús Chichi Campos

Esta publicación constitúe a memoria gráfica do proxecto expositivo *BDG70. A revolta do cómic galego*, desenvolvido pola Universidade da Coruña a través de Normal-Espazo de Intervención Cultural, co apoio da Deputación da Coruña e produción de Demo Cultural. O proxecto expositivo ten a súa orixe na tese de doutoramento de Xulio Carballo Dopico, quen abriu así unha senda que agora remata.

Neste libro inclúese a catalogación das obras seleccionadas para a exposición desenvolvida entre outubro de 2016 e xaneiro de 2017 nas instalacións de Normal, o espazo de intervención cultural da Universidade da Coruña. A este catálogo súmanselle, a modo de *making of*, diversos materiais xerados durante os procesos de produción da mostra, así como unha reportaxe fotográfica da montaxe que tenta respectar o enfoque narrativo e a orde que se ofreceu nas visitas guiadas.

En canto á escolma de obras expostas, a mostra contou con orixinais e reproducións remasterizadas. Para os orixinais contou coa colaboración e os préstamos desinteresados de diversas entidades e particulares: **Museo do Humor de Fene, Museo Carlos Maside, Biblioteca de Estudos Locais da Coruña, Biblioteca e Arquivo de Galicia e a Real Academia Galega; Xosé Díaz, Luís Caparrós Esperante, Pablo Oitabén, Antón Patiño, Suso Cubeiro e Paco Martín.** En canto ás reproducións, o equipo técnico de Demo Cultural traballou durante meses na recuperación dixital e remasterización de obras e artigos publicados en revistas e medios de prensa escrita da época. Estes materiais foron dixitalizados *in situ* e en varias xornadas de traballo na **Biblioteca de Estudos Locais da Coruña** e na **Biblioteca e Arquivo de Galicia** (Cidade da Cultura) en Santiago de Compostela.

As obras seleccionadas achégannos, no seu conxunto, un retrato gráfico fidedigno de varias xeracións que se atreveron a lanzar un grito de liberdade a través da banda deseñada, utilizando a lingua galega nun momento histórico crítico no que o seu uso público estaba fortemente censurado, e que amosaron unha vontade de exploración e un nivel artístico encomiables.

PRESENTACIÓN

Julio Abalde, reitor da Universidade da Coruña

O proxecto expositivo *BDG70. A revolta do cómic galego* pon en valor o traballo e os logros de artistas de distintas xeracións que nos anos setenta do século XX coincidiron en utilizaren a banda deseñada para expresarse, facéndoo en galego e dunha forma moderna e comprometida a nivel creativo, social e político.

O traballo do Dr. Xulio Carballo Dopico sobre este colectivo —inda que non se consideraron tal— deu pé para que Normal, o espazo de intervención cultural da Universidade da Coruña, desenvolvese unha proposta con varios obxectivos: o primeiro, dar a coñecer ao público xeral o fascinador labor duns artistas nuns anos sombrizos; o segundo, desvelar o programa e os eixes articuladores dunha proposta creativa e sociopolítica que é moi consciente da súa modernidade, á vez que ancora na tradición; e o terceiro, ofrecer unha narrativa que contextualizase e explicase o nacemento e devir deste colectivo, e evidenciar o seu legado. Nace así a exposición *BDG70. A revolta do cómic galego*, que toma corpo grazas ao esforzo do persoal de Normal, do equipo técnico de Demo Cultural dirixido por Manel Cráneo, e de Xulio Carballo, e que recibiu o apoio económico da Deputación da Coruña. Foi inaugurada o 17 de novembro de 2016, e a súa boa acollida levou a demorar o peche da exhibición un mes, ata finais de xaneiro de 2017, e tamén a acubillar a idea de lle dar continuidade nun libro, este que tes nas túas mans.


Este volume concebiuse como catálogo do proxecto expositivo, e á vez como oportunidade de enriquecelo coas voces de varios creadores e especialistas. Eles achegan a súa visión da época e dos actores (entre outros, eles mesmos), e dan testemuño dos obxectivos, as influencias, os procesos de formación, as dificultades etc. que os definiron.

A banda deseñada galega recibe desde hai anos un gran recoñecemento, con obras e nomes seguidos por creadores, lectores e críticos; conta ademais con valiosas iniciativas como *Viñetas desde o Atlántico* que permiten mantela viva e conectada coas tendencias actuais. Con todo, son menos coñecidos —mesmo polos iniciados— os primeiros nomes e traballos que incorporaron temas, narrativas e estilos modernos onde non parecía haber nada anterior... inda que si había. Moitos dos que aquí aparecen gozan hoxe de prestixio na pintura, na banda deseñada, no grafismo, na prensa gráfica...; outros seguiron camiños ben diferentes. Mais todos deixaron unha pegada particular nos setenta.

O conxunto destas obras caracterízase pola súa multidimensionalidade, como se pode ver nos devanditos testemuños que aquí se recollen, e esas dimensións non son illables. Modernidade e tradición nas técnicas e nos temas, ambigüidade calculada e multiniveis de interpretación nos contidos, diversidade dos públicos a que se dirixen, acción creativa e política entretecidas, disimulo ante o poder e exhibición da protesta: todo se combina neste colectivo. E sempre con vontade de transcender, de influír, como se reflicte no vagar expositivo do Grupo de Cómic do Castro.

Persistir é unha condición da cultura viva, xunto co cambio. Persistir, mudar: todo isto informa o traballo deste colectivo. Como universidade, a UDC procura avanzar no coñecemento e na innovación, e transmitilos mediante a divulgación. Contribuímos á memoria social (científica, cultural, histórica) da comunidade a que servimos, procuramos que fitos como o da BDG dos setenta enraícen no noso imaxinario colectivo e, así, avanzamos.

Esta obra e a exposición que a antecedeu son unha vindicación oportuna e xusta, mais deben servir primeiramente para incorporarmos á nosa memoria colectiva creadores, obras e maneiras que son alicerces e referencia da banda deseñada galega contemporánea.



TODO MUDOU NOS SETENTA

XULIO CARBALLO

Dicía Bertolt Brecht que a arte é un martelo para darlle forma á realidade e non para reflectila, e este ten sido sen dúbida o gran compromiso que en Galiza asumirían as distintas artes, entre as que, xa desde os seus comezos, tería enorme resonancia a banda deseñada a darlle forma a unha crúa realidade social e cultural en cada unha das etapas históricas en que se foi desenvolvendo.

Neste sentido, ao longo de todo o século XX serían numerosos os autores que se achegaron á novena arte, ben de maneira tanxencial, ben como froito dunha elaboración consciente e teorizada. Xa desde a revolución cultural que supuxeron as Irmandades da Fala no primeiro terzo do século pasado podemos atopar numerosos autores como Castelao, Huici, Vídases Tomé, Manuel Torres, Carlos Maside, Cebreiro ou Cándido Fernández Mazas, que fixeron de enfiaren imaxes e texto unha parte fundamental da súa xeira artística. Moitos deles, como o propio Castelao ou Manuel Torres, realizarían ademais un máis que profundo achegamento á banda deseñada ao desenvolver en xornais como o madrileño *El Sol* —e en galego— os seus *contos gallegos*, unha xustaposición de cadriños con que narrarían unha sorte de relatos populares e satíricos procedentes na súa maioría da tradición oral. De ascendencia máis achegada, tanto no plano temporal como no formal, destacarían as xeniais *Cousas de Ugenio* publicadas por Xan Navarro en *El Correo Gallego* desde finais dos anos corenta, e do que anos despois saíra un dos primeiros álbums a recompilar tiras deseñadas galegas.

Todas estas manifestacións artísticas gráficas —estampas, ilustracións, humor gráfico, tiras...— onde a simbiose entre texto e imaxe era necesaria, tal e como xa sinalara Castelao, non viñan senón a augurar o xurdimento de todo un movemento pioneiro que, aínda que recollerá o pouso cultural e de identidade dos devanceiros, tamén botaría unha ollada, alén das nosas fronteiras, ás expresións máis vangardistas do momento no eido do cómic, da pintura ou da literatura, para transformalo todo nunha novena arte dotada dunha idiosincrasia excepcional.

Todo mudou nos setenta

O rebulir que desde finais dos anos sesenta se estaba a producir da man do *comix underground* estadounidense, así como dos autores franceses como Druillet e Mœbius —que pouco despois fundarían Les Humanoïdes Associés— facíase sentir nos incipientes artistas galegos que vían no cómic un innovador universo artístico e transgresor, acorde co ímpeto da súa mocidade e das necesidades sociais e políticas que a *longa noite de pedra* ía deixando tras de si. Porén, este novo nimbo artístico e as súas «raigañas anglosaxoas» non serían do agrado de vellos mestres como Isaac Díaz Pardo, quen sacaría xa en 1970 os seus carteis de cego co dezo de demostrar que a tradición galega xa enfiara a imaxe e o texto para realizar sátira social, e que non era preciso acudir a modelos foráneos.

A pesar do intento de Díaz Pardo, a semente da novena arte xa estaba no ar, e o encargado de a espallar non sería outro que Reimundo Patiño, a quen podemos considerar sen dúbida ningunha como un dos pais da banda deseñada galega. Da súa man virían obras esenciais e transcendentales como *O home que falaba vegliota* ou *2 viaxes*, ofrecendo ademais o seu maxisterio en todo o relacionado coa novena arte a todo aquel disposto a iniciarse neste universo, concibido por el como radical no fondo e na forma, e cuxa viabilidade de difusión alternativa a través das exposicións o convertía nunha arte expansiva ao servizo dos intereses colectivos do país. O primeiro en sumarse aos postulados de Patiño sería Xaquín Marín, quen, alén de se converter no autor da considerada primeira historieta galega, *O emigrante*, sería o autor máis prolífico desta década: máis alá de publicar o álbum *Ratas* e *2 viaxes* —este último xunto con Reimundo— saca á luz centos de tiras deseñadas que presentan toda unha galería de personaxes icónicos da nosa cultura como *Lixandre*, *Caitano*, os *Esmagados* —e o pé esmagador— e, sobre todo, *Gaspariño*, que daría en ser a primeira tira en acadar un significativo éxito, o que abriría a porta a numerosos autores a publicar as súas tiras e historietas nos diversos medios que se decataron da importancia que estas estaban a ter. Así, autores como Luís Esperante —quen precedería a Marín en *El Ideal Gallego*—, Ricardo Lázaro, Pepe Carreiro, Xosé Lois Carrabouxo ou Vicente Veiga daríannos a coñecer a *Vella descoñecida*, o *Dr. F.*, o *Galo Camilo*, a *Sabeliña* ou o *Fuco*, toda unha galería de personaxes e historias que demostran a forza con que se desenvolveu o medio gráfico-textual nos seus primeiros anos. Proba disto é o salto das historietas da prensa diaria a suplementos como *Axóuxere* —en *La Región*, de Ourense— ou contar coa súa propia revista como o caso da excepcional *Vagalume*, verdadeiro fito da nosa BD cunha estrutura profesional, que chegou a contar con máis de 5000 subscritores. O carácter eminentemente educativo que tiñan esas publicacións demostraba a capacidade transmisora de cultura e valores que posúe o medio, fose a través de obras de liña máis clara e canónica, da ficción científica do *Comandante Iago* de Ulises L. Sarry ou da psicodelia pop de Miguel Docampo.

Alén dos medios máis «convencionais», unha das verdadeiras revolucións que veu da man dos pioneiros da banda deseñada galega sería a da elaboración de cómic-murais, é dicir, banda deseñada realizada coa finalidade de ser exposta e percorrer todo o país levando a arte e a denuncia ao maior número de persoas posible nunha época en que, lembremos, o goberno franquista reprimía todo tipo de actuacións contrarias á ditadura. O guieiro nestas pezas murais sería Reimundo Patiño, quen, coa súa historieta de doce pezas de 110 × 110 centímetros, o impresionante *Vegliota*, obtería unha enorme repercusión que levaría a catro mozos a formar, no verán de 1972, o Grupo de Cómic do Castro. Deste colectivo —constituído polos fillos de Isaac Díaz Pardo, Xosé e Rosendo, e mais por Xesús *Chichi* Campos e Luís Esperante— saíran as primeiras exposicións de cómic galego,

e a eles sumárianse logo Xaquín Marín, o propio Patiño, Ricardo Lázaro e Pepe Barro, conformando unha verdadeira mostra de arte e xenio e que percorrería Galiza enteira, até que un ataque da ultradereita estragou parte das obras. A rabia producida nos lobetos franquistas achegaba o significado de que se estaban a facer as cousas ben e que a repercusión das obras era o suficientemente notable para lles chamar a atención. E non podía ser menos. A visión, grazas a Xosé Díaz, das pezas que estiveron case trinta e cinco anos desaparecidas e que non volveran a ser expostas ao público, producen unha total fascinación perante o excepcional dunhas obras pioneiras que posuían un marcado carácter experimental e transgresor. A maiores deste feito, o ton reivindicativo e antiautoritario revertía por todas as pezas, en ocasións de maneira alegórica, o que non impediu a censura das exposicións en máis dunha ocasión.

O que si ficou claro e patente coa observación das distintas pezas atopadas na viaxe realizada polos anos setenta é que precisaban volver a ser expostas, seren sacadas do vello cartafol para recuperar a memoria dunhas obras e autores pioneiros da nosa banda deseñada nunha época escura e difícil, e que merecen tal recoñecemento. A calidade das pezas así o atesta.

BIBLIOGRAFÍA

Ensaio e artigos

- Axeitos, Xosé L. e X. Seoane (1993): *O cómic en Galicia*. A Coruña: Deputación da Coruña.
- Caballero, F. (2012): «Los 'pies' de Xaquín Marín. Una visión lúcida e irónica de la transición». En *XII Congreso de la Asociación de Historiadores de la Comunicación*. Barcelona: Universitat Pompeu Fabra.
- Casares, C. (1975): «A ledicia de ler (O cómic en galego)». *La Voz de Galicia*, 9 de febreiro de 1975, p. 64.
- (1977): «A ledicia de ler ('Vagalume')». *La Voz de Galicia*, 22 de maio de 1977, p. 32.
- Costa Rico, A. e M. Bragado (1996): «Vagalume». *Revista Galega de Ensino* 25, pp. 41-43.
- Crespo, R. (2012): «As orixes do cómic galego». *Revista Galegos* 16, pp. 113-128.
- Díaz Pardo, I. (1993): «Xesús Campos na relembanza dun conservador libertario». *La Voz de Galicia*, 24 de febreiro de 1993, p. 30.
- Fernández Ferreiro, X. (2012): *De Xente Nova a Brais Pinto*. Vigo: Xerais.
- Fernández Paz, A. (1984): «O cómic». *Cuadernos do Laboratorio de Formas*, pp. 22-30.
- Galán Blanco, E. (1993): «A historieta». En *Informe de comunicación de Galicia*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Harguindey, B. (1999): *Breve apunte para unha futura historia do cómic galego*. Traballo de licenciatura. Recuperado de: http://culturagalega.org/bd/documentos/breve_apunte_futura_historia_comic_galego_breixo_harguindey.pdf
- Hermida, G. (2002): *Xofre: 23 anos despois*. Recuperado de: http://culturagalega.org/bd/extra_detalle.php?id=721
- Isorna, E. e A. Bueno (1987): «'Vagalume': unha historia que non se pode esquecer». *La Voz de Galicia*, 26 de febreiro de 1987.
- Neira Cruz, X. A. (2001): *Prensa escolar e infantil en Galicia*. Tese de doutoramento. Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións da USC.
- Patiño, A. (coord.) (2000): *Reimundo Patiño. A explosión dun mundo*. Santiago de Compostela: Auditorio de Galicia.

- Patiño, R. (1977): «Introducción». En Xaquín Marín: *Ratas*. Madrid: Tres-catorce-dieciséte.
- (1979): *Xaquín Marín. Un artista do seu tempo e do seu pobo*. Catálogo da Mostra de pintura, debuxo e cómic na Coruña de Xaquín Marín.
- Rabuñal, A. (coord.) (2005): *O lado da sombra. Sedición gráfica, iniciativas raras, ignoradas o descatalogadas entre 1971-1989*. A Coruña: Fundación Luís Seoane.
- (2007): «Do cómic á BD pasando pola historieta». *reNova Galiza. Belvís das Artes* 3.
- Sánchez Pereiro, X. M. (1977): «Reimundo Patiño: Cara unha arte popular galega». *Teima* 29, p. 30.
- Valcárcel, M. (1995): «Os pioneiros galegos da BD». *O Fanzine das Xornadas. Revista das Xornadas de BD de Ourense* 2, p. 7.
- VV. AA. (1985): *Reimundo Patiño*. Catálogo do Museo Carlos Maside. Sada: Edicións do Castro.
- (1990): «A banda do 17». *Cadernos A Nosa Terra*.
- (1995): «A banda deseñada galega». *Andando correndo pola chaira* 3.
- (1997): «Reimundo Patiño». En *Ciclo monográfico de conferencias*, Santiago de Compostela: CGAC, p. 9.
- (2005): *Reimundo Patiño*. Vigo: A Nosa Terra.
- (2006): *La historieta gallega*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia
- (2008): *Historieta galega 1973-2008*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

Publicacións periódicas

- Axóuxere*, 1-28, *La Región* (Ourense). Anos 1974-1975.
- A Nosa Terra* (Vigo). Semanario. Anos 1974-1979.
- El Ideal Gallego* (A Coruña). Diario. Anos 1974-1979.
- El Pueblo Gallego* (Vigo). Diario. Ano 1979.
- La Región* (Ourense). Diario. Anos 1974-1979.
- La Voz de Galicia* (A Coruña). Diario. Anos 1976-1979.
- Teima* (Santiago de Compostela), 1-35. Anos 1976-1977.
- Vagalume* (Santiago de Compostela), 1-46. Anos 1975-1978.

Álbums e revistas non seriadas

- Bofill, Pedro R. e Lalo Vázquez Gil (1977): *Historia da Reconquista de Vigo*. Vigo: Concello de Vigo.
- González 'Carrabouxo', X. L. (1987): *Sabeliña*. Vigo: A Nosa Terra.
- Marín, Xaquín (1977): *Ratas*. Madrid: Tres-catorce-dieciséte.
- (1978): *Gaspariño*. A Coruña: Edicións do Rueiro.
- (1986): *Dos pés á testa*. Vigo: Galaxia.
- Patiño, Antón (1977): *Esquizoide*. Vigo: Colectivo da Imaxe.
- Patiño, Reimundo (1988): *O home que falaba arameo*. Sada: Edicións do Castro.
- Patiño, Reimundo e X. Marín (1975): *2 viaxes*. Madrid: Brais Pinto.
- VV. AA. (1973): *A Cova das Choias*. Xenebra: Edicións Roi Xordo.
- (1979): *Xofre. Historieta galega*. Santiago de Compostela: Colectivo Xofre.